

4 Abril de 2016 - Revista 1067

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 10

PREMIOS E CONCURSOS / 17

NOVAS DE EMPREGO / 18

EN PORTADA

O Servizo Voluntario Europeo aprobou preto dunha vintena de proxectos en 2015 cun orzamento de 356.114 euros

Mercres, 30 Marzo 2016 08:26

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, reuniuse hoxe coas dúas mozas de Letonia e Italia que están a desenvolver un proxecto de **Servizo Voluntario Europeo** de doce meses de duración no **Concello de Ribadavia**. Este proxecto foi aprobado na segunda quenda da convocatoria do 2015 do programa **'Erasmus+: Xuventude en Acción'** e conta cun orzamento de 15.874,66 euros. En 2015 foron aprobados un total de 19 proxectos de Servizo Voluntario Europeo, nos que participan 66 mozos e mozas cun orzamento conxunto de 356.114 euros.

O **Servizo Voluntario Europeo** enmárcase na liña estratéxica de mobilidade dos mozos e mozas. Ten como obxectivo principal promover a participación cidadá, desenvolver a solidariedade entre os máis novos, promover a relación con culturas diferentes e facilitar a aprendizaxe ou perfeccionamento doutros idiomas.

Creado no 1996 pola Comisión Europea como programa piloto, os 20 anos do **Servizo Voluntario Europeo** permitiron a máis de 100.000 mozos e mozas de 17 a 30 anos realizar os proxectos de voluntariado cunha duración de entre 2 e 12 meses. As entidades que poden participar nos proxectos de **Servizo Voluntario Europeo** son as asociacións sen ánimo de lucro, os organismos públicos e as empresas con responsabilidade social cooperativa. Na actualidade, en Galicia teñen a acreditación para participar en proxectos de **Servizo Voluntario Europeo** 16 concellos e 47 entidades sen ánimo de lucro.

Cecilia Vázquez agradeceu a participación das dúas mozas neste proxecto e sinalou que *"o Servizo Voluntario Europeo ofrece á xuventude unha experiencia de educación non formal, de voluntariado e de mobilidade, que fomenta a adquisición de competencias, aptitudes e habilidades para o desenvolvemento persoal, educativo e profesional dos mozos"*.

O Espazo Xove de Ourense acolle a exposición dos proxectos que participan no concurso do cartel de Xuventude Crea 2016

Mercres, 30 Marzo 2016 08:26

O **Espazo Xove de Ourense** acolle dende hoxe a mostra dos 14 proxectos presentados ao concurso de **deseño do cartel** do programa **Xuventude Crea 2016** promovido pola **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado** da **Consellería de Política Social**. A

directora xeral deste departamento, *Cecilia Vázquez*, quen inaugurou hoxe a mostra acompañada da delegada territorial da Xunta de Galicia, *Maria Sol Díaz Mouteira*, avanzou que nos vindeiros días darase a coñecer o nome do mozo ou moza gañadora, que obterá un premio de 500 euros. Ademais, o cartel gañador será o escollido para publicitar o certame. A mostra permanecerá aberta ao público ata o **30 de abril**.

A titular do departamento autonómico sinalou que ao longo do mes de abril se publicará a orde de convocatoria do programa **Xuventude Crea 2016**, dotada con máis de 100.000 euros e como novidade resaltou que nesta edición se sumará a especialidade de cociña. Así, o programa **Xuventude Crea 2016**, incluírá un total de doce especialidades: artes plásticas (pintura e escultura), banda deseñada, deseño de xoias, fotografía, graffiti, moda, música, poesía, relato breve, teatro, videocreación e cociña.

Este certame é a maior mostra de creatividade xuvenil da comunidade autónoma, no que participaron en 2015 máis de 300 mozos e mozas menores de 30 anos. *Cecilia Vázquez* manifestou que *"Xuventude Crea aposta polo establecemento de mecanismos de respaldo á creatividade da mocidade e por converter este certame nunha plataforma de lanzamento para amosar os seus proxectos creativos"*.

Especialidade de graffiti

Coincidindo coa súa presenza na cidade de Ourense, a titular do departamento autonómico tamén se reuniu con dous dos premiados da especialidade de graffiti do programa **Xuventude Crea 2015** que residen na capital ourensá, para facerlles entrega do trofeo do premio acadado. Trátase de *Ramón Conde-Corbal Varela*, gañador do primeiro premio dotado con 3.000 euros e *Abraham Caride Fernández*, terceiro premio cunha dotación de 1.000 euros.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado mantén en Pontevedra unha nova xuntanza cos rapaces que participaron nos programas da Xunta

Xoves, 31 Marzo 2016 07:59

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, *Cecilia Vázquez*, mantivo hoxe en Pontevedra a novena xuntanza de traballo cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola **Dirección Xeral**, entre eles, **Iniciativa Xove**, **Voluntariado Xuvenil**, **Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**. No encontro participaron rapaces e rapazas procedentes da comarca de Pontevedra.

Esta iniciativa ten como obxectivo recoller as súas conclusións á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas suxestións, queixas ou dúbidas para poder mellorar as prestacións dos recursos que a **Dirección Xeral** programa para os mozos e mozas de Galicia. Segundo *Cecilia Vázquez* *"estas reunións forman parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación desta administración"*.

Ademais, a *directora xeral* tamén mantivo unha encontro con alcaldes e concelleiros de xuventude da comarca de Pontevedra, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica e de presentar a programación da *Dirección Xeral para 2016*.

Entre os meses de febreiro e abril, *Cecilia Vázquez* está a manter un total de 14 encontros con mozos e mozas de toda Galicia así como cos responsables de xuventude dos concellos. As xuntanzas xa se celebraron en *Chantada, Lugo, Noia, Melide, Ferrol, Coruña, Lalín, Vilagarcía e Pontevedra* e nas vindeiras semanas terán lugar en *Santiago, Ourense, Vigo, Betanzos e Carballo*.

O novo foro 'Ágoraxove' da Xunta de Galicia aborda o Camiño de Santiago como fonte de oportunidades para o desenvolvemento persoal e profesional da mocidade

Venres, 01 Abril 2016 11:10

- O obxectivo de 'Ágoraxove' é fomentar e consolidar o protagonismo dos mozos e mozas galegos na vida social, económica e cultural mediante a celebración de foros temáticos.
- Durante o acto celebrouse unha mesa redonda con empresarios sobre oportunidades de negocio no Camiño, un emprendedor relacionado co deporte falou da internacionalización de empresas e un grupo de voluntarios da Ruta Xacobeá relatou a súa experiencia.
- A responsable autonómica de Xuventude, *Cecilia Vázquez*, definiu esta iniciativa como "espazos abertos para a creación de oportunidades mediante o intercambio e posta en común de novas ideas".
- Pola súa banda, a *directora de Turismo, Nava Castro*, destacou a importante repercusión que a Ruta Xacobeá ten no reequilibrio territorial, na xeración do emprego, na renda, na mellora da calidade de vida e no impacto económico dos municipios galegos por onde transcorre.



O concello lucense de *Palas de Rei* acolleu hoxe o terceiro 'Ágoraxove', un novo programa da Xunta de Galicia para fomentar e consolidar o protagonismo dos mozos e mozas a través da creación de foros que faciliten a súa participación na vida social, económica e cultural. As *directoras xerais de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez* e de *Turismo de Galicia, Nava Castro*, asistiron ao acto de inauguración desta iniciativa na *Casa da Cultura* desta localidade acompañadas do alcalde palense, *Pablo Taboada*.

A temática e o programa de actividades de cada un dos foros está deseñado en función das particularidades sociais, económicas e culturais do ámbito territorial no que se desenvolva. Deste xeito, o 'Ágoraxove' de *Palas de Rei* contou cunha temática baseada no *Camiño de Santiago* como elemento vertebrador do territorio e fonte de oportunidades para o desenvolvemento persoal e profesional da mocidade.

Así, o evento comezou cunha mesa redonda sobre emprendemento no Camiño, na que participaron propietarios de empresas situadas no camiño francés dos sectores primario, turístico e ecolóxico. De seguido, un emprendedor relacionado co deporte falou da internacionalización das empresas e un grupo de mozos e mozas relatou a súa experiencia en programas de voluntariado relacionados co Camiño. Asemade, este 'Ágoraxove' contou cunha zona expositiva e de asesoramento da **Rede Galega de Dinamización Xuvenil**, do concello de *Palas de Rei*, das oficinas de información xuvenil de *Santa Comba e Ribadavia*, do *Centro Xuvenil Abertal*, da *Asociación SharinGalicia* da *Universidade de Santiago de Compostela (USC)*, do *servizo Quérote+* e do *programa Garantía Xuvenil*.

Intercambio de experiencias

No acto de apertura deste 'Ágoraxove', a *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, destacou que "con iniciativas como esta pretendemos establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación da mocidade". *Cecilia Vázquez* definiu os 'Ágoraxove' como "espazos abertos para a creación de oportunidades mediante o intercambio e posta en común de novas ideas".

Pola súa banda, a *directora de Turismo de Galicia, Nava Castro*, destacou a importante repercusión que a **Ruta Xacobeá** ten no reequilibrio territorial, na xeración do emprego, na renda, na mellora da calidade de vida e no impacto económico dos municipios galegos por onde transcorre. Neste senso, sinalou que nos máis de cen municipios polos que transcorre, o *Camiño de Santiago* amortece indicadores como o envellecemento, o declive demográfico e a despoboación e impulsa unha nova economía que atrae novos habitantes e que asenta a poboación local.

A responsable de Turismo da Xunta afirmou que o *Camiño* constitúe un exemplo de caso de éxito dun itinerario cultural que mantén a súa esencia como antano pero ofrecendo os servizos necesarios para dotar de calidade a esta experiencia única e inigualable. *Nava Castro* concluíu afirmando que o *Camiño de Santiago* constitúe unha oportunidade única para todos os mozos e mozas galegas que creceron ao carón da **Ruta Xacobeá**.

O perfil dos participantes nos 'Ágoraxove' son membros de entidades, asociacións xuvenís ou grupos informais, antigos participantes nos programas de Xuventude, técnicos de xuventude e de emprego, concelleiros de xuventude, monitores e mozos e mozas en xeral. Estes foros tamén contarán cunha área de asesoramento sobre asociación e participación nos programas de educación non formal da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Ademais dos 'Ágoraxove' de *Vilalba*, da *Universidade de Santiago* e de *Palas de Rei*, que xa se celebraron, este programa tamén terá lugar nas vindeiras semanas en *Ourense, Vigo, A Estrada, Betanzos, Bergondo, Marín, Vilanova de Arousa, Curtis e Ferrol*.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Subvencións a proxectos de voluntariado

Martes, 29 Marzo 2016 05:55



A *Consellería de Política Social* convoca subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no **programa Servizo de Voluntariado Xuvenil**.

O dito programa consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais inscritas no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** mozos/as galegos/as para a súa colaboración como voluntarias/os na realización dos proxectos de voluntariado.

Serán subvencionables os proxectos de acción voluntaria presentados por entidades de acción voluntaria e entidades locais sempre que a dita acción voluntaria a desenvolvan mozos/as de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos; para os menores 18 anos precísase ademais autorización do pai/nai ou titor/a legal, e que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, prioritaria pero non exclusivamente nalgunha das seguintes áreas:

1. Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
2. Actividades de recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas.
3. Actividades con colectivos en situación de risco.
4. Actividades xuvenís.
5. Actividades ambientais.
6. Actividades relacionadas coa igualdade de xénero.
7. Posta en marcha de programas de voluntariado no ámbito familiar por parte das entidades.

Os proxectos de acción voluntaria subvencionables deberán ter unha duración comprendida entre 15 e 60 días.

Requisitos:

- Que as entidades de acción voluntaria e as entidades locais estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.
- Ter sede permanente ou domicilio social en Galicia e desenvolver os programas subvencionables na Comunidade Autónoma galega a través de voluntarias ou voluntarios.

- Ter debidamente contratados todos os seguros de responsabilidade civil e de accidentes de todas as persoas voluntarias.

Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es/> co procedemento **BS320A**

O **prazo** para a presentación das solicitudes estará aberto ata o **28 de abril de 2016**.

Máis información no DOG do 28 de marzo de 2016 e en <http://www.voluntariadogalego.org/>

Actividades de formación en lingua inglesa en Galicia

Martes, 29 Marzo 2016 06:03



A *Consellería de Educación* convoca axudas para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en lingua inglesa do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sustentados con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2016.

O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto de 2016.

Requisitos:

- a) Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2015/16, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2014/15.
- c) Ter acadado no curso 2014/15 na área ou materia de lingua inglesa, unha cualificación mínima de ben no 6º curso de educación primaria para o alumnado de 1º de ESO e de 6 para o de 2º, 3º e 4º cursos de ESO e de bacharelato.
- d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

As solicitudes poden descargarse de <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED504B**.

O **prazo** para presentar solicitudes estrará aberto ata o **28 de abril de 2016**.

Máis información no DOG do 28 de marzo de 2016 en www.edu.xunta.es/axudasle

Aventura por un día

Martes, 29 Marzo 2016 08:18



Naturmaz organiza un novo programa con diversas actividades dun día nos meses de marzo e abril: circuito de altura, bicicleta, tirolina, escalada, tiro con arco, ...

Chegada ás 10:00 e saída ás 19:00

Prezo: 50 euros, xantar incluído. Desconto con carné xove do 10%.

Máis información e inscricións:

Web: <http://www.naturmaz.com/>

Correo-e: info@naturmaz.com

Teléfono: 610 550 524

Xornada Xuventude e Igualdade

Martes, 29 Marzo 2016 11:48



Con motivo do **día europeo da Información Xuvenil**, a *Dirección Xeral de Xuventude* está a organizar a xornada Xuventude e Igualdade que se desenvolverá o vindeiro **15 de abril en Santiago de Compostela**.

Os **obxectivos** son concienciar as persoas que traballan coa mocidade sobre a importancia da Información para a prevención da violencia de xénero e o acoso.

Os **destinatarios/as** desta xornada son os Informadores/as e técnicos/as de Xuventude, técnicos dos Espazos xove, dinamizadores xuvenís, titulados e estudantes de TASOCT, entidades prestadoras de servizos a Xuventude, persoas interesadas na temática.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición estará aberto ata o día **8 de abril as 14.00 h**

As prazas son limitadas ao aforo do salón de actos e o criterio de selección será por orde de inscrición. Ás persoas admitidas comunicaráselle por correo electrónico.

Lugar: Salón de Actos do MUPEGA. San Lázaro. Santiago de Compostela.

PROGRAMA

10:15 h. Entrega de documentación

10:30 h. Inauguración.

José Manuel Rey Varela. Conselleiro de Política Social.

10:45 h. Relatorio. Igualdade e violencia de xénero.

Susana López Abella. Secretaria xeral da Igualdade.

11:00 h. Relatorio. A Información xuvenil como elemento da prevención e Programas e liñas de actuación para o tratamento da violencia de xénero na xuventude.

Suso Antelo. Director Centro Coordinador de Información Xuvenil.

Mª Belén Liste Lázara. Subdirectora Xeral para o tratamento da violencia de xénero.

11:30 h. Mesa redonda. Igualdade de xénero, educación e acoso escolar

Esther Arias Martínez. psicóloga do grupo informal Saraiba.

Pilar Lorenzo Vilar. Experta en Violencia de Xénero. Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Rosa Fernández Moldes, Marta Gil Paramos, Lidia Iglesias Rosende e Leo Suárez Urruzola. Correspondentes Xuvenís do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela

12:15 h. Descanso

12:45 h. Mesa Redonda. Cyberbullying, ciberacoso, sexting no colectivo xuvenil.

Isabel Presas Casheda. Educadora social. Quérote+.

Judith Velasco, psicóloga do grupo informal Saraiba.

14:00 h. Clausura da Xornada

Cecilia Vázquez Suárez. Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Inmersión lingüística en colonias de vacacións para o verán de 2016

Mercores, 30 Marzo 2016 06:57



O *Ministerio de Educación* convoca **2200 axudas** para a participación nunha das colonias de dúas semanas de duración, organizadas durante o *mes de xullo de 2016* nalgunha localidade de España, para alumnos de 1º e 2º da ESO.

Requisitos:

a. Estar matriculado en centros sostidos con fondos públicos durante o presente curso 2015/2016.

b. Obter, como mínimo, notable como nota media do curso 2014-2015.

c. Obter, como mínimo, notable como nota final na materia de inglés no curso 2014/2015.

d. Non ser beneficiario da axuda en convocatorias anteriores

Estas axudas distribúense en dous grupos:

Primeira quenda para alumnos de 1º da ESO: do 3 de xullo ao 17 de xullo de 2016:

• **Grupo I:** 660 axudas de ata 476 €.

• **Grupo II:** 440 axudas de ata 326 €.

Segunda quenda para alumnos de 2º da ESO: do 17 de xullo ao 31 de xullo de 2016:

• **Grupo I:** 660 axudas de ata 476 €.

• **Grupo II:** 440 axudas de ata 326 €.

Grupos I e II:

Os solicitantes que a data **31 de decembro de 2014** se encontren nalgunha das seguintes circunstancias, integrarán o denominado **Grupo I:**

a) Orfandade absoluta do solicitante.

b) Pertencer a familias nas que algún membro estea afectado de minusvalía legalmente cualificada (en grao superior ao 65% para pai/nai/irmáns do solicitante e superior ao 33% no caso de que a padeza o propio solicitante).

c) Pertencer a familias nas que o pai, nai ou titor legal encóntrese en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente absoluta.

d) Pertencer a familia numerosa.

e) Pertencer a familia monoparental.

Os solicitantes que, reunindo os requisitos xerais, non se encontren en ningunha das circunstancias anteriores formarán parte do denominado **Grupo II.**

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de abril de 2016.**

Máis información no BOE do 29 de marzo de 2016 e en <http://www.educacion.es/>

Voluntario/a para Letonia

Mercores, 30 Marzo 2016 11:54

O Concello de Ribadavia a través da OMIX Ribadavia busca 1 EVS para Letonia



ORGANIZACIÓN: Radi Vidi Pats.

ONDE: parroquia Pelči, rexión Kuldiga.

CANDO: 9 meses. Dende setembro de 2016 a maio de 2017.

DATA LÍMITE: 10 de abril de 2016.

SECTOR DA ACTIVIDADE:

- Apoio na creación e mantemento da colección do patrimonio histórico dixital de Pelči (foto e vídeo creación, etc.).
- Apoio na organización de eventos da parroquia (festivais, eventos, tales como a Noite Anual de Lendas no palacio Pelči).
- Apoio ao proxecto das actividades da biblioteca internacional de Pelči "O pracer da lectura une a norte e sur" (proxecto en colaboración coa biblioteca de Viana en España sen fondos adicionais);
- Promoción da comunicación intercultural e actividades relacionadas (presentacións sobre a cultura dos voluntarios, culinarias, discusións, noites de cine, contos, etc.)

Máis información na OMIX:

Nova Casa da Xuventude, Rúa Porta Nova de abaixo 9. 32400 Ribadavia (Ourense), Españ.

Teléfono: 988 471 929

Inscripcións: omix.ribadavia@gmail.com

<http://www.omixribadavia.wordpress.com/>

Facebook: <https://www.facebook.com/OmixRibadavia>

Twitter: <https://twitter.com/OMIXRibadavia>

Probas de acceso a ciclos de grao medio

Xoves, 31 Marzo 2016 07:30



A Consellería de Cultura e Educación convoca probas de acceso a ciclos formativos de grao medio para o ano 2016.

Ciclos Formativos de Grao Medio:

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que non cumpran os requisitos académicos exixidos para acceder a eles e teñan dezasete anos ou os fagan no ano natural de realización da proba.

Formación Profesional

O prazo de presentación estará abranguido entre os días **4 e 15 de abril de 2016**, ambos os dous incluídos.

A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio irá dirixida ao director ou á directora de calquera centro docente público que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2015/2016. utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED312C**.

As solicitudes deberán presentarse en soporte papel.

As probas de acceso aos ciclos de grao medio terán lugar o día **25 de maio de 2016**.

Ciclos Formativos de Grao Superior: o prazo xa está pechado

Máis información en www.edu.xunta.es/fp e no **DOG do 11 de febreiro de 2016**.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Prácticas de tradución no Parlamento Europeo

Mercores, 30 Marzo 2016 07:12

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Parlamento Europeo

2.- DESTINATARIOS

- Ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun país candidato á adhesión.
- Cumprir 18 anos na data do comezo das prácticas.
- Posuír coñecemento perfecto dunha lingua oficial da Unión Europea ou da lingua oficial dun país candidato á adhesión e un profundo coñecemento doutras dúas linguas oficiais da Unión Europea.
- Non gozar dun período de prácticas ou dun contrato remunerado de máis de catro semanas consecutivas a cargo do orzamento da Unión Europea.

3.- DATA LÍMITE

Períodos de inscrición: 15 de xuño ó 15 de agosto (a medianoite).

- Períodos de inscrición: 15 de setembro ó 15 de novembro (a medianoite).
- Períodos de inscrición: 15 de decembro ó 15 de febreiro (a medianoite).
- Períodos de inscrición: 15 de marzo ó 15 de maio (a medianoite).

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Os bolseiros en formación reciben unha asignación mensual. A título indicativo, en 2016 dita asignación ascende a 307,20 euros ao mes. A duración das prácticas de tradución será de tres meses.

Excepcionalmente, poderán prorrogarse por un período máximo de tres meses.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

<http://www.europarl.europa.eu/atyourservice/es/20150201PVL00047/Periodos-de-pr%C3%A1cticas>

Prácticas no Comité das Rexións

Mercores, 30 Marzo 2016 07:14

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Comité das Rexións

2.- DESTINATARIOS

Os candidatos deberán

- Ter un título universitario (ou un diploma equivalente) na data na que conclúa o prazo de solicitudes;
- Ter un coñecemento profundo dunha lingua oficial da Comunidade e un coñecemento satisfactorio doutra lingua de traballo da UE (inglés ou francés).
- Os alumnos son seleccionados entre os nacionais dos Estados membros da UE. Con todo, un número limitado de nacionais de terceiros países poden ser aceptados.

3.- DATA LÍMITE

Sesión de primavera: Entre o 1 de abril e o 30 de setembro (medianoite, hora local de Bruxelas).

Sesión de outono: Entre o 1 de outubro e o 31 de marzo (medianoite, hora local de Bruxelas) do mesmo ano.

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Obxectivos: proporcionar unha experiencia única, de primeira man sobre o funcionamento do Comité das Rexións, en particular, e das institucións da UE en xeral; para adquirir experiencia práctica e coñecemento do traballo do día a día dos departamentos da Comisión; para traballar nunha contorna multicultural e multilingüe; vostede terá a oportunidade de organizar unha visita de estudo a unha autoridade local ou rexional europea, en relación coas prioridades políticas do Comité; para poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante os estudos, sobre todo nos seus ámbitos de competencia.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

<http://cor.europa.eu/es/about/traineeships/pages/cor-traineeship.aspx>

Curso de Primeiros Auxilios en Santiago de Compostela

Xoves, 31 Marzo 2016 09:57



Cruz Vermella de Santiago de Compostela organiza un **Curso completo de Primeiros Auxilios**.

Obxectivos:

Coñecer os fundamentos dos Primeiros Auxilios e a terminoloxía básica de anatomía.

Saber aplicar correctamente as técnicas de Reanimación Cardio Pulmonar (RCP).

Aplicar correctamente técnicas básicas para poder actuar ante situacións de urxencia: feridas, traumatismos, queimaduras e accidentes con máis dunha vítima.

Saber mobilizar correctamente a unha persoa ferida.

Datas: 9 de abril de 2016 - 23 de abril de 2016

Lugar: Santiago de Compostela

Duración: 40 horas. Sábados e domingos De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00

Prezo: 120€. 10 % dto. Desempregados ou estudantes. 20% desempregados >3 meses

Máis información:

Cruz Vermella Española
Av. Lugo 42. 15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 586 969

www.cruzvermella.org

www.facebook.com/Cruz.Vermella.Santiago

www.twitter.com/cruzvermella

II NEG-Xornadas de educación e cultura tradicional

Xoves, 31 Marzo 2016 10:56



Nova Escola Galega está a organizar as **II NEG-Xornadas de educación e cultura tradicional**, que se desenvolverán no Centro de Desenvolvemento Rural O Viso en Lodoselo (Sarreaus-Ourense) os vindeiros **16 e 17 de abril**.

Ponentes: Antón Castro, Carme Campo, Chus Caramés, Antonio Rodríguez, os Chichisos e Xavier Blanco.

A actividade estará homologada pola Xunta con 12 horas de formación para o profesorado interesado en asistir.

Máis información:

Nova Escola Galega
Rúa das Hedras nº 4, 2º O
15895 Milladoiro. Ames
Teléfono: 981 562 577

www.nova-escola-galega.org
www.neg.gal

Obradoiro práctico de intervención educativa. A revolución dos coidados

Xoves, 31 Marzo 2016 11:08

InteRed Galicia e a **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade de A Coruña** están a organizar o **Obradoiro práctico de intervención educativa. A revolución dos coidados**.

Desenvolverase na Coruña, o xoves e o venres **14 e 15 de abril de 2016**, na Oficina de Cooperación e Voluntariado, Facultade de Socioloxía, andar 1º. 15071 Campus de Elviña.

Está aberto o prazo de matrícula ata o **5 de abril de 2016**.

Máis información en InteRed Galicia



OBRADOIRO PRÁCTICO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA. A REVOLUCIÓN DOS COIDADOS
A Coruña, xoves e venres 14 e 15 de abril de 2016
Oficina de Cooperación e Voluntariado
Facultade de Socioloxía, andar 1º. 15071 Campus de Elviña.



Praza do Matadoiro 7. Baixo
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 587 966
E-mail: galicia@intered.org
<http://www.intered.org/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Martes, 29 Marzo 2016 08:23



A **Escola de tempo libre Xaruma** convoca un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo**.

Datas: do 9 de abril ao 11 de xuño de 2016.

Horario: os venres de 16 a 20:30 e os sábados e domingos de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.30

Lugar: Centro Gárate, local da escola de tempo libre Xaruma. R/ Sanjurjo Badía 79. Vigo.

Máis información na Escola de tempo libre Xaruma, teléfono 986 127 949 e 698 142 158.

<http://www.xaruma.org/escola.html>

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Narón

Martes, 29 Marzo 2016 08:42



A Escola de tempo libre Tempus Narón convoca un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Narón.

Datas: do 2 de abril ao 26 de xuño de 2016.

Lugar: No local da asociación de veciños "Alto do Castaño" de Narón e na Área Natural "Muiño do Pedroso". O módulo de aire libre desenvolverase en réxime intensivo con pensión completa e aloxamento na área natural Muiño de Pedros e o módulo de animación deportiva no pavillón do colexio Jorge Juan de Perlio de Fene.

Máis información na Escola de tempo libre Tempus Narón, teléfono 657 926 913 e 616 890 418

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Ourense

Mercres, 30 Marzo 2016 08:21



Monitor/a Lecer e T.L. CURSO INTENSIVO

O PREZO INCLÚE:

- ✓ USB con material ó final da TEORÍA
- ✓ Saída
- ✓ Xestión e apoio na PRÁCTICA:

Actividades lúdicas desta Escola, campamentos da Xunta, ademais de CONVENIOS con entidades como: Maisquebrincos, Xurxemurxe, Servicioc, Ludoteca Ganada, Autismo Ourense...

160€

DATAS: 5, 11, 12, 18, 19 XUÑO
2 ó 16 de XULLO

HORARIO: 9h a 14h – 16h a 21h

TEORÍA 200h

PRÁCTICA 150h

A Escola de tempo libre Blanco Nájera organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Ourense.

Datas de realización: do 5 de xuño ata o 16 de xullo de 2016.

Horario: de 9 a 14h e de 16:00 a 21:00h

Lugar: Colexio Divino Maestro, rúa Madre Soledad de la Cruz nº 1. Ourense

Máis información e inscricións: Escola de tempo libre Blanco Nájera

<https://es-la.facebook.com/escuelablanconajera/>

escuelablanconajera@gmail.com

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

2700 Bolsas para estudar en Alemaña

Xoves, 31 Marzo 2016 06:13

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Fundación Friedrich-Ebert-Stiftung (FES)

2.- DESTINATARIOS

- Estar matriculado nunha universidade alemá.
- Para interesados en facer doutoramento, deberán ter un titor da tese doutoral.
- Acreditar coñecemento de alemán: certificado Goethe C1, DSH-2, ou Test DAF, nivel 4.
- Límites para realizar a solicitude Programa de grao: ata 3 semestres antes de terminar o período estándar.
- Programa de máster: facía o final do primeiro semestre.
- Programa doutoramento: ser aceptado.

3.- DATA LÍMITE: aberto todo o ano

4.- MÁIS INFORMACIÓN

A Fundación FES sempre foi recoñecida polos seus programas de apoio ás desigualdades sociais, sendo moi activa na educación e formación académica para lograr unha carreira profesional exitosa e á súa vez, unha educación apropiada acorde aos valores da sociedade actual.

Segundo isto, dentro do total de todos os programas de bolsas FES, ao redor de 2.600 persoas recibirán unha bolsa da Fundación este ano.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

<http://www.fes.de/studienfoerderung/information-in-english/information-in-english#programa-de-becas-de>

Bolsa Konrad Adenauer para estudar en Alemaña

Xoves, 31 Marzo 2016 06:14

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Fundación Konrad Adenauer

2.- DESTINATARIOS

Seleccionados serán persoas que poidan achegar ás ciencia, cultura, administración e política dos seus países de orixe sexa a través de medios ou organizacións internacionais.

3.- **DATA LÍMITE:** cada ano o 15 de xullo ás 12:00.

4.- MÁIS INFORMACIÓN

A fundación Konrad Adenauer concede bolsas a estudantes ó graduados con desempeño académico excepcional e que demostren compromiso social ó político. Actualmente preto 2000 estudantes reciben apoio financeiro. A bolsa tamén apoia a escritores, artistas e músicos. En cooperación con eles, a fundación ofrece unha ampla variedade de exhibicións, conferencias, simposios e talleres.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

<http://www.kas.de/wf/en/42.8/>

BOLSAS E AXUDAS ► IDIOMAS

4ª convocatoria de Bolsas Eurolingua para Irlanda

Mercores, 30 Marzo 2016 09:59



Eurolingua abre o prazo de solicitude da **4ª convocatoria de Bolsas Eurolingua para Irlanda**.

¿Qué inclúen as bolsas?

Cursos de 2 semanas en Irlanda: Dublin ou Derry.

20 Clases semanais.

Aloxamento en residencia ou familia.

Actividades, excursións e visitas complementarias.

¿A quen van dirixidas?

Estudantes universitarios, da ESO, Bacharelato e ciclos formativos de Galicia.

Aberta a outros estudantes

Requisitos:

Idade mínima 14 anos.

Media académica de a lo menos 6 puntos

O **prazo** de solicitude remata o día **28 de abril de 2016**.

Máis información:

www.becaseurolingua.com

BOLSAS E AXUDAS ► FORMACION PRACTICA

Bolsa de formación de posgrao non Consello Superior de Deportes

Xoves, 31 Marzo 2016 07:51



O **Consello Superior de Deportes** convoca unha bolsa para a formación teórica e práctica de posgrao nas actividades que se realizan na *Oficina de Prensa*.

Titulacións: Graduados ou Licenciados en Ciencias da Información, Xornalismo ou Comunicación Audiovisual. Posuidores dun Posgrao en Xornalismo, Xornalismo Dixital, Xornalismo Deportivo, Comunicación, Comunicación Audiovisual ou Dirección de Comunicación.

A data de finalización dos estudos solicitados **non poderá ser anterior ao curso académico 2010/2011**.

A contía da bolsa será de 11.200 € anuais íntegros, divididos en doce mensualidades.

O **prazo** para solicitar a bolsa estará aberto ata o **11 de abril de 2016**.

Máis información na sección de anuncios do BOE do 31 de marzo e en <http://www.csd.gob.es/>

Bolsas de colaboración en proxectos de investigación no Consello da Cultura Galega

Luns, 04 Abril 2016 05:58



O **Consello da Cultura Galega** convoca **catro bolsas de colaboración en proxectos de investigación**.

Dúas bolsas para colaborar na Área de Publicacións

Requisitos:

Ser licenciado/a en Comunicación, Humanidades ou Ciencias Sociais.

Valoraranse como méritos:

Posuír experiencia en edición de textos e edición dixital.

Posuír coñecementos de tradución e corrección.

Posuír coñecementos de informática.

Dúas bolsas para colaborar na Área de Documentación

Requisitos:

Ser licenciado/a en Documentación ou Humanidades.

Valoraranse como méritos:

Posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc.

Posuír coñecementos de programas de catalogación.

Posuír coñecementos de informática.

Posuír experiencia en xestión documental.

Requisitos xerais:

Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4

Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos.

A contía das bolsas será de 1000 € mensuais.

A duración de cada unha das bolsas será de 6 meses e iniciaranse previsiblemente o **1 de xuño de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **PR970B**

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de maio de 2016**

Máis información no DOG do 4 de abril de 2016 e en <http://www.consellodacultura.gal/>

100 Bolsas sobre introdución á investigación do Programa 'JAE' 2016

Luns, 04 Abril 2016 06:41

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Ministerio de Economía e Competitividade, Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)

2.- DESTINATARIOS:

Españóis e españolas, nacionais dun Estado membro da UE e estranxeiros e estranxeiras, que finalizasen os estudos de licenciatura ou grao no curso 2013-2014 ó posterior cunha nota media igual ou superior a 8 ó 7,5 no caso da rama de coñecemento de Enxeñerías e Arquitectura, que estean matriculados e matriculadas nun Máster Universitario Oficial no curso 2015-2016 ó realizasen a inscrición ou pre-inscrición nun Máster Universitario Oficial para o curso 2016-2017, que non estean en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Doutor ou Doutora e que non fosen beneficiarios e beneficiarias dunha bolsa de introdución á Investigación dentro do programa JAE en convocatorias anteriores.

3.- DATA LÍMITE: Ata o 2 de maio de 2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas convoca bolsas de introdución á investigación para estudantes de posgrao, no marco do Programa "JAE".

A finalidade destas bolsas é a iniciación na carreira científica nas diferentes áreas, mediante bolsas para estancias en Institutos e Centros do CSIC, propiciando unha aproximación ao coñecemento dos problemas científico-técnicos de actualidade e aos métodos utilizados para a súa resolución.

A dotación das bolsas será de 2000 euros en tres pagos. A duración de dous meses consecutivos, xa sexa setembro-outubro 2016 ou outubro-novembro 2016, segundo as indicacións estipuladas nos traballos de investigación ofertados.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Presentación de solicitudes a través da sede electrónica do CSIC.

<http://sede.csic.gob.es/intro2016>
dpe@csic.es

5 Bolsas para Máster en Deseño 2016

Luns, 04 Abril 2016 06:43

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Scuola Politecnica dei Design (SPD)

2.- DESTINATARIOS:

Persoas que estean graduadas ou sexan posuidoras dunha titulación equivalente, que teñan entre 21 e 44 anos e desenvólvanse adecuadamente en inglés.

3.- DATA LÍMITE: Ata o 8 de abril de 2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

Baixo o lema 'Os estudantes e as estudantes de deseño fan un mundo mellor' búscanse ideas, formas e conceptos novos e actuais que, desde o respecto á tradición e a contorna, axuden a mellorar o mundo. Os candidatos e as candidatas deben postularse, a tra-

vés do programa de posgrao ou máster ao que opten, utilizando ferramentas de deseño desde a súa perspectiva independente para propoñer solucións, espazos e produtos que desenvolvan o 'leit motiv'.

O premio consistirá no pago da matrícula completa do máster seleccionado para o curso académico 2016-2017.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

A consultar en páxina web as especificacións e as normas de envío dos traballos.

<http://studentcompetition.design/rules-2015>
info@studentcompetition.design

Programa 'Novos con futuro' 2016

Luns, 04 Abril 2016 07:00

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

StepOne con Fundación Rafael do Piñeiro e Fundación Banco Sabadell

2.- DESTINATARIOS

Titulación de grao en enxeñería informática, de telecomunicacións ou matemáticas, ter un excelente dominio do inglés

3.- DATA LÍMITE: 30/4/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

